



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CAMPIONATOS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE PISCÍCOLA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

En Santiago de Compostela, a 25 de abril de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada polo *Decreto 148/2016, do 13 de novembro*, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo art. 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Don José Manuel Rey Alvela, presidente da Federación Galega de Pesca e Casting, en virtude de nomeamento pola Secretaría Xeral para o Deporte de data 31 de xaneiro de 2015.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

I. Este convenio ten por obxectivo establecer a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio e a Federación Galega de Pesca e Casting para a realización de actividades de divulgación, formación e de fomento da actividade piscícola e materias con ela relacionadas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

II. Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no *Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio* ten atribuída a competencia en materia de pesca fluvial, de acordo coa regulación recollida na *Lei 7/1992, do 24 de xullo, de pesca fluvial*. Esta competencia está recoñecida pola Comunidade Autónoma de Galicia no seu Estatuto de Autonomía (Art.27.30,30,1.3 e 33.1) aprobado pola *Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e que lle foron transferidas en virtude dos Reais Decretos 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias de competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983 do 20 de abril, de adaptación de transferencias*



efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de Agricultura, Pesca e Conservación da Natureza.

II. Que a Federación Galega de Pesca e Casting foi constituída ao abeiro da lexislación deportiva aplicable no seu momento, actualmente regulada pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia, e a *Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Decreto de Asociación* e cumpre todos os requisitos establecidos no art.10 da lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

De acordo co establecido nos seus Estatutos (aprobados mediante Asemblea Xeral Extraordinaria do 03/02/2013), a Federación Galega de Pesca e Casting é a única entidade competente, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, para promover, regulamentar, organizar, xestionar, cualificar e controlar as competicións deportivas de pesca nas augas continentais e costeiras nas súas diversas especialidades, en todas as súas modalidades e representa, na Comunidade Autónoma de Galicia, á Federación Española de Pesca e Casting na que se integra gozando do carácter de utilidade pública, de conformidade coa *Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte*, e coa *Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación* e comportará os efectos establecidos nas mesmas.

Así mesmo, a Federación é a representante da Comunidade Autónoma de Galicia nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter estatal e internacional, que se desenvolvan dentro e fora do territorio español.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMAOT e a Federación Galega de Pesca e Casting, dentro do marco de colaboración xa existente entre ámbolos dous organismos, establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a Federación Galega de Pesca e Casting a través da organización de campionatos e eventos relacionados coa actividade piscícola na Comunidade Autónoma de Galicia e a súa posterior divulgación.



SEGUNDA.- OBRIGAS DA FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING

A Federación Galega de Pesca e Casting comprométese ao seguinte:

1. A organización das actividades que se relacionan no anexo que se acompaña a este convenio, así como a súa divulgación, de acordo co cronograma e condicións sinaladas neste.
2. A elaboración das memorias e informes sobre o estado e cumprimento de cada unha das actividades sinaladas no anexo deste convenio así como calquera outra actividade efectuada que contribúa á consecución dos obxectivos deste, que sexan requiridos pola CMAOT.
3. A proposta e colaboración coa CMAOT na realización das actividades de organización de eventos e campionatos encamiñadas a potenciar e difundir a protección da fauna ictícola e do medio natural, así como do seu aproveitamento deportivo sustentable; fomento da pesca sen morte como medida de conservación destes recursos; impulso do emprego das técnicas de pesca menos lesivas e promoción, especialmente entre o público máis novo, da súa divulgación e fomento dos valores deportivos e medioambientais asociados a práctica de pesca deportiva, tales como o coidado e respecto á natureza.
4. A elaboración dun estudio das posibles medidas tendentes a minimizar o impacto de determinadas especies de avifauna no ecosistema fluvial co obxectivo de acadar un equilibrio, aos efectos dun aproveitamento sustentable das poboacións de peixes.
5. Facer figurar expresamente en tódolos anuncios e documentos que se elaboren e teñan relación coas distintas actividades, a colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.
6. Proceder ao reintegro, total ou parcial, da compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión.
7. Facilitar toda a información que se lle sexa requirida pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en relación coa xustificación do convenio, así coma pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino de axudas.



TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO.

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

1. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a potenciar, difundir e mellorar a pesca fluvial en Galicia.
2. Financiar as actividades contempladas no convenio.

CUARTA- FINANCIAMENTO

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio aportará dentro do exercicio 2017, unha contía máxima de quince mil euros (15.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 07.03.541.B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

QUINTA- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

Será de aplicación o disposto na *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia* e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro*. En consecuencia a Federación Galega de Pesca e Casting, na súa condición de beneficiario, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

- a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



d) Comunicarlle á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a Federación Galega de Pesca e Casting asume como beneficiario as seguintes obrigas:

- De acordo co previsto no artigo 28 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, unha vez rematadas as actuacións deberá ser xustificado perante a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos. Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, responda á natureza das actividades subvencionables e se realicen dende a entrada en vigor do convenio ata o 30 de outubro de 2017. A tales efectos antes do 30 de outubro de 2017 a Federación Galega de Pesca e Casting achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos. Os pagamentos, xustificacións dos gastos e pagamentos axustaranse ao disposto no *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.
- Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto do presente acordo.
- Comunicar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio. De acordo co artigo 28.6 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións e recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.



- Reintegrar á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de acordo co artigo 33 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño*, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA-COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións do presente Convenio.

Esta Comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

SÉTIMA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 30 de outubro 2017.

OITAVA- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

NOVENA- CAUSAS DE EXTINCIÓN

O presente convenio extinguirase por mutuo acordo das partes ou polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas.

DÉCIMA.- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.



A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, e máis concretamente na *Lei 9/2007, do 13 de xuño* e no seu Regulamento de desenvolvemento.

UNDÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno* (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o *Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia* (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, por triplicado no lugar e data indicados no encabezamento do mesmo.

A conselleira de Medio Ambiente e
Ordenación do Territorio

O presidente da Federación
Galega de Pesca e Casting

Beatriz Mato Otero

José Manuel Rey Alvela



ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO DA XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE PESCA E CASTING, PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORGANIZACIÓN DE EVENTOS E CAMPIONATOS RELACIONADOS COA ACTIVIDADE PISCÍCOLA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

- **Campionato Memorial Manolo Rouco**

Competición de auga doce no río Miño en Lugo

Data: 17 de maio de 2017

Destinatarios: menores de 18 anos, categorías Benxamín-Infantil-Xuvenil

Duración: 1 xornada

Orzamento: 1.000 €

- **IV Open Terra de Lemos**

Competición de salmónidos no río Cabe en Monforte combinada con outras actividades de lecer.

Data: 25 de xuño de 2017

Destinatarios: menores de 18 anos, categorías Benxamín-Infantil-Xuvenil

Duración: 1 xornada

Orzamento: 1.000 €

- **Open Presidente da Xunta de Galicia. 9-10 de setembro de 2017**

Competición de salmónidos, no río Arenteiro en Carballiño combinada con outras actividades de lecer.

Datas: 9 e 10 de setembro de 2017

Destinatarios: menores de 18 anos, categorías Benxamín-Infantil-Xuvenil

Duración: 2 xornadas

Orzamento: 4.000 €

- **Xornadas Técnicas Setembro-Outubro**

Destinatarios: Abertas

Duración: 2 xornadas

Orzamento: 2.500 €



- ***Actividades en idade escolar para o coñecemento da pesca e do mundo fluvial***

Actividade a realizar con colexios e institutos en período lectivo

Destinatarios: nenos e nenas en idade escolar

Duración: 15 xornadas

Orzamento: 4.500 €

- ***Campionato autonómico Auga Doce Xuvenil***

Data: 12 de Outubro de 2017

Destinatarios: menores de 18 anos

Duración: 1 día

Orzamento: 500 €

- ***Actividade didáctica “Pescaprendo”***

Para a practica da pesca sen morte, con actividades para nenos, terapias para colectivos da terceira idade ou persoas con discapacidades psíquicas e adestramentos para concursos e campionatos (Lago recinto Semana Verde, Silleda)

Destinatarios: nenos

Duración: 4 xornadas

Orzamento: 500 €

- ***Estudio das posibles medidas tendentes a minimizar o impacto de determinadas especies de avifauna no ecosistema fluvial co obxectivo de acadar un equilibrio, aos efectos dun aproveitamento sustentable das poboacións de peixes.***

Orzamento: 1.000 €